



### CONCELLOS

#### CASTROVERDE

##### *Anuncio*

En cumprimento do disposto nos artigos 102.3 e 24 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e do Réxime Xeral de Recadación aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, respectivamente faise público que o Alcalde, en data 30 de Xaneiro de 2025, ditou resolución pola que se aproba o padrón anual do exercicio de 2025 das taxas sobre a entrada de vehículos a través das aceiras.

O padrón comprende 9 recibos por un importe total de 117 euros.

O citado padrón encóntrase exposto ao público polo prazo de 15 días hábiles nas dependencias do Concello. Durante o prazo de exposición ao público, os lexítimos interesados poderán examinalo e formular as reclamacións oportunas. A partir do día seguinte en que termina a exposición ao público, producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos e durante o prazo dun mes poderán interpoñer Recurso de Reposición ante o Sr. Alcalde.

De acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, as liquidacións (recibos) dos padróns tributarios notificaranse colectivamente mediante a publicación da presente resolución no "Boletín Oficial" da Provincia de Lugo.

O período de ingreso en período voluntario será o comprendido entre o 1 de marzo e o 2 de maio de 2025, ambos inclusive.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, o que determinará a exixencia dos intereses de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das cotas do procedemento de apremio.

Castroverde, 6 de febreiro de 2025.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0353

### O CORGO

##### *Anuncio*

Fanse públicas as bases que de seguido se transcriben, aprobadas por Resolución da Alcaldía do día 4 de febreiro de 2025:

#### **BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR.**

##### **PRIMEIRA.- OBXECTO E NORMATIVA APLICABLE.**

O procedemento selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido nas seguintes disposicións: Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público; Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; (no Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto lexislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; Con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección do persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se opoña o Real

decreto legislativo (781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do estado e demais disposicións aplicables.

OBXECTO: A bolsa servirá para a celebración de contratos laborais temporais nos supostos de acumulación de tarefas, substitución de traballadores con dereito a reserva do seu posto de traballo, vacacións ou outras necesidades do servizo.

A bolsa será válida ata o 31 de decembro de 2026.

#### SEGUNDA.- FUNCÍONS.

O cometido funcional será o establecido no Decreto 99/2012, de 26 de marzo, pola que se regulan os servizos comunitarios e o seu financiamento e Art. 4 da Orde do 22 de xaneiro de 2009, polo que se regula o servizo de axuda no fogar.

#### TERCEIRA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para participar nas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP, ou nacionais de Estados membros da Unión Europea ou calquera que sexa a súa nacionalidade, aos cónxuxes dos españois e dos nacionais de estados membros da UE, nos termos do Art. 57 do EBEP.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de Celga 2 (ou o curso de iniciación, nos termos establecidos na disposición adicional 1ª da Orde de 16 de xullo de 2007). Non obstante, no caso de non poder acreditar este título, poderase acreditar no primeiro exercicio do sistema selectivo que se indica na cláusula seguinte.

f) Estar en posesión do permiso de conducir da categoría B e dispoñer de vehículo.

g) De conformidade co establecido na Resolución de 11 de decembro de 2017, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, que modifica parcialmente o Acordo de 27 de novembro de 2008, sobre criterios común de acreditación para garantir a calidade dos centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, os candidatos deberán acreditar a cualificación profesional de Atención sociosanitaria a persoas no domicilio, establecida polo Real Decreto 295/2004, de 20 de febreiro, segundo se determine na normativa que a desenvolva.

A tal efecto consideraranse os seguintes **títulos e certificados**:

- El Título de Técnico en Cuidados Auxiliares de Enfermería establecido por el Real Decreto 546/1995, de 7 de abril, o los títulos equivalentes de Técnico Auxiliar Clínica, Técnico Auxiliar Psiquiatría y Técnico Auxiliar de Enfermería que se establecen en el Real Decreto 777/1998, de 30 de abril, o en su caso, cualquier otro título que se publique con los mismos efectos profesionales.
- El Título de Técnico en Atención a Personas en Situación de Dependencia, regulado por el Real Decreto 1593/2011, de 4 de noviembre, o el título equivalente de Técnico de Atención Sociosanitaria, establecido por el entonces Real Decreto 496/2003, de 2 de mayo, o en su caso, cualquier otro título que se publique con los mismos efectos profesionales.
- Título de Técnico Superior en Integración Social, establecido por el Real Decreto 1074/2012, de 13 de julio, o el título equivalente de Técnico Superior en Integración Social establecido por el entonces Real Decreto 2061/1995, de 22 de diciembre, para aquellos profesionales que a la fecha de publicación del presente Acuerdo, se encuentren trabajando en la categoría profesional de asistente personal o auxiliar de ayuda a domicilio.
- El Certificado de Profesionalidad de Atención Sociosanitaria a Personas Dependientes en Instituciones Sociales, regulado por el Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto, o en su caso, cualquier otro certificado que se publique con los mismos efectos profesionales.

- El Certificado de Profesionalidad de Atención Sociosanitaria a Personas en el Domicilio, regulado por el Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto, o el equivalente Certificado de Profesionalidad de la ocupación de auxiliar de ayuda a domicilio, regulado por el entonces Real Decreto 331/1997, de 7 de marzo, o en su caso, cualquier otro certificado que se publique con los mismos efectos profesionales.

Nembargantes, e de conformidade co establecido na devandita Resolución no referente ao réxime especial de **zonas rurais**, dentro das que se atopa o Concello do Corgo, cando non se dispoña das persoas coa acreditación requirida para as categorías antes mencionadas, e se acredite a non existencia de demandantes de emprego na zona con estas características, mediante certificado da Oficina de Emprego correspondente, **as persoas que non contén coa cualificación profesional esixida poderán ser contratadas ata que os seus postos poidan ser cubertos por profesionais cualificados ou ata que adquiran a cualificación correspondente.**

Por outra banda, A Resolución do 23 de marzo de 2020, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, que tamén modifica parcialmente o Acordo de 27 de novembro de 2008, co fin de flexibilizar a acreditación e funcionamento dos servizos do Sistema durante a situación de crise do COVID-19, no seu punto 5.bis, regula un réxime provisional e excepcional ante a situación de pandemia derivada do COVID-19 establecendo que cando se acredite a non existencia de demandantes de emprego coas titulacións específicas necesarias na zona onde estea ubicado, ben o centro ou institución social onde se realicen as labres de auxiliar de axuda a domicilio, **poderán desempeñar estas función persoas que teñan algunha das titulacións esixidas para calquera delas e se tampouco houbera dispoñibilidade de demandantes de emprego con ningunha das titulacións sinaladas, poderán desempeñar estas función persoas que, carecendo de titulación, preferentemente, teñan experiencia no coidado e atención de persoas dependentes**, debendo as entidades prestadoras de servizos garantir a supervisión e formación práctica no posto de traballo para mellorar as súas competencias profesionais. Este réxime estará vixente por un prazo inicial de 3 meses, podendo ser prorrogado.

Así pois, ante a posibilidade da non existencia de persoas coa acreditación requirida ou que aínda existindo non poidan incorporarse ao traballo, poderanse presentar candidatos que non posúan a cualificación esixida, que únicamente serán contratados de non existir candidatos en posesión dos títulos esixidos, e que pasarán a formar parte dunha bolsa complementaria para casos de urxencia e de inexistencia de candidatos cualificados.

Terán sempre e en todo caso preferencia os candidatos que posúan os títulos relacionados aínda que se admitirán as instancias de persoas que non os posúan para o caso de que se deran as circunstancias antes descritas.

#### **CUARTA.- SISTEMA SELECTIVO**

O proceso de selección consistirá na realización dunhas probas selectivas, é dicir, oposición libre:

**1º EXERCICIO:** de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá nunha proba escrita, tipo test de 20 preguntas, a desenvolver en 40 minutos, con tres respostas alternativas das que só unha será a correcta, sobre o contido do programa especificado na convocatoria que figura no anexo II. Cada resposta correcta sumará 1 punto. As preguntas non contestadas ou contestadas incorrectamente non restarán. Para superar este exercicio será necesario acadar un **mínimo de 8 puntos** e puntuará ata un **máximo de 20 puntos**.

**2º EXERCICIO:** obrigatorio para aquelas persoas que non poidan acreditar o coñecemento de galego no nivel CELGA 2 (ou o curso de iniciación), nos termos establecidos na disposición adicional 1ª da Orde de 16 de xullo de 2007.

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán realizar un exame consistente en traducir un texto sen dicionario, elixido libremente polo tribunal, do castelán ao galego.

Esta proba terá unha duración de 20 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto.

A puntuación total virá determinada pola puntuación obtida no primeiro exercicio.

No caso de empate nas puntuacións entre dous o máis candidatos, o empate resolverase ao chou.

O tribunal elevará proposta de bolsa de emprego ao órgano competente cos candidatos que superaron o proceso ordeados por puntuación obtida.

#### **QUINTA.- ANUNCIO DA CONVOCATORIA, SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de edictos do concello e na páxina web [www.concellodocorgo.com](http://www.concellodocorgo.com) e na sede electrónica do concello do Corgo, [concellodocorgo.sedelectronica.gal](http://concellodocorgo.sedelectronica.gal).

As instancias para poder tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante o modelo que figura no anexo I da presente convocatoria, dirixido ao alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello, ou na sede

electrónica (concellodocorgo.sedelectrónica.gal.) no prazo de **SETE (7) días hábiles seguintes, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da LPAC.**

Na solicitude os aspirantes manifestarán que reúnen tódolos requisitos da convocatoria e aportarán a documentación acreditativa do coñecemento da lingua galega nivel CELGA 2 ou equivalente, se é o caso.

Os aspirantes cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33% poderán solicitar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria. Neste caso, **deberán indicalo expresamente na solicitude**, especificando claramente o tanto por cento de discapacidade recoñecido polo órgano competente, acompañándoa da correspondente certificación acreditativa do grao e tipo de minusvalidez.

Sempre que así se xustificase para o mellor desenvolvemento das probas selectivas, o tribunal decidirá motivadamente se estas persoas concurrirán en quenda separada dos demais aspirantes

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, **no prazo máximo de 2 días hábiles**, ordeando a publicación da lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase unicamente no taboleiro de edictos da casa do Concello e na páxina web: [www.concellodocorgo.com](http://www.concellodocorgo.com) e na sede electrónica do concello do Corgo, [concellodocorgo.sedelectrónica.gal](http://concellodocorgo.sedelectrónica.gal), sinalándose un prazo de **dous (2) días hábiles**, contados a partires do seguinte ao da súa publicación nos referidos medios, para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Na publicación indícarase o nome e apelido, DNI dos aspirantes, con indicación dos que non precisan a realización do exercicio de galego.

Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas petición de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que e publique a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

Rematado o prazo de subsanación, ditarase resolución nun prazo máximo de **2 días hábiles**, elevando a definitiva a lista de admitidos e excluídos, así como os candidatos que teñan que realizar o exercicio de galego, e nela se sinalará a composición do tribunal cualificador.

Non obstante, o feito de figurar na lista definitiva de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento. Cando da documentación que debe presentarse, no cso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente legislación. Os candidatos autorizan o tratamento deste datos para a finalidade indicada.

Contra a resolución do alcalde pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, o interesado poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes, a contar desde o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo, no de dous meses desde a citada data.

Non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.

#### **SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

De conformidade con canto se establece polo artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, o tribunal terá a seguinte composición:

- Presidente: Un empregado público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.
- Secretario: Un empregado público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.
- Vogais: Tres empregados públicos con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

O nomeamento dos membros do tribunal e os seus suplentes, realizarase por Decreto do alcalde, e publicarase no taboleiro de anuncios, taboleiro da sede electrónica e na páxina web.

Na designación dos membros do tribunal garantirase a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entrámbolos dous sexos, ó ser a súa composición impar.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outono, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da citada lei.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa sinatura do secretario e co Vº Pº do Presidente.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

Aos efectos da percepción das asistencias ao tribunal se clasifica a éste órgano como de categoría terceira das contempladas no Art. 30 do citado Real decreto 462/2002, de 24 de maio.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

O tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade dos aspirantes, utilizando para iso os impresos adecuados, excluindo aqueles candidatos en cuos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do opositor.

Concluídas as probas, elevarase proposta de candidatos para a formalización da bolsa de emprego.

O Tribunal constituirase na casa do concello nun prazo non superior a 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte á data na que se publique o seu nomeamento.

Na constitución do tribunal fixarase a lugar, data e hora para a celebración da proba selectiva, que terá lugar, como máximo nun prazo de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á data de constitución. A data, lugar e hora das probas publicarase no Taboleiro de edictos do concello, taboleiro de edictos da sede electrónica e na páxina web municipal: [www.concellodocorgo.com](http://www.concellodocorgo.com).

#### **OITAVA.- APORTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN DOS CANDIDATOS/AS.**

Os candidatos propostos integrados na lista, deberán achegar no prazo de 3 días, anteriores a súa contratación a seguinte documentación, salvo que xa a presentaran anteriormente, xunto a instancia de participación:

Copia compulsada do DNI ou documento de identificación do estranxeiro cidadán dun Estado membro da UE.

Copia compulsada ou documento orixinal, para o seu cotexo, da titulación esixida nos termos establecidos na base terceira, de ser o caso.

Permiso de conducir.

Certificado médico actualizado a datas inmediatamente anteriores á contratación acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.

Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.

Carnet de conducir categoría B e declaración xurada de que posúe vehículo ou pode desprazarse por outros medios propios.

Os aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados

órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame da mesma se deduza que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación.

#### **NOVENA. IMPUGNACIÓN.**

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpor polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

Con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recurrido no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación das bases no BOP. Se transcorrera un mes dende o día seguinte ao da interposición do recurso de reposición, sen que este fora resolto, poderá entenderse que foi desestimado para interpor o recurso contencioso-administrativo, á súa elección, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.

Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 30/1992, e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa

O ALCALDE, Felipe Labrada Reija.

**ANEXO I. MODELO DE INSTANCIA**

Dna/D.....,  
con DNI ou documento de estranxeiro nº ....., con domicilio aos efectos de notificación  
en .....,  
nº de teléfono ..... e e-mail.....

EXPÓN:

Que reúne todas as condicións esixidas polas bases da convotaria para participar no proceso selectivo para  
..... Convocatoria anunciada no BOP de Lugo nº ....., de  
data.....

En virtude do que solicito ser admitido para participar no proceso de selección da referida convocatoria,  
presentando a documentación seguinte:

- 1. Fotocopia compulsada do DNI ou tarxeta de estranxeiro.
- 2. Fotocopia compulsada do título esixido nas bases e do título CELGA 2 ou curso de iniciación.
- 3. Permiso de conducir.
- 4. Título esixido.

O Corgo, ..... De ..... de .....

NOTA: os datos de carácter persoal poderán ser tratados para futuras contratacións, de conformidade coa Lei 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

**SR ALCALDE DO CONCELLO DO CORGO**

**ANEXO II. TEMARIO**

1. Hixiene e atención domiciliaria. Características e necesidades de atención hixiénico-sanitarias das persoas dependentes.
2. Administración de alimentos e tratamentos a persoas dependentes no domicilio.
3. Mantemento e rehabilitación psicosocial das persoas dependentes no domicilio.
4. Apoio ás xestións cotiás das persoas dependentes.
5. Interrelación e comunicación coa persoa depedente e o seu contorno.
6. Atención domiciliaria e alimentación familiar. Xestión, aprovisionamento e cociña da unidade familiar de persoas dependentes.
7. Mantemento, limpeza e organización do domicilio de persoas dependentes.

O Corgo, 4 de febreiro de 2025.- O ALCALDE, Felipe Labrada Reija.

R. 0332

**FOLGOSO DO COUREL***Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 31 de xaneiro de 2025 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de novembro de 2025.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Folgoso do Courel, 3 de febreiro de 2025.- A alcaldesa presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 0333

*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 31 de xaneiro de 2025 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de decembro de 2025.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Folgoso do Courel, 3 de febreiro de 2025.- A alcaldesa presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 0334

**A FONSAGRADA***Anuncio*

<b>Expediente 1505/2024</b>
-----------------------------

<b>Reposición de legalidade urbanística</b>
---

**RELATIVO AO INICIO AO PROCEDEMENTO DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA**



Por Decreto de Alcaldía de data do 04/02/2025 procedeuse á incoación dun expediente de reposición da legalidade urbanística do inmovible coas seguintes características básicas:

Referencia catastral	7269337PH5776n0003XT; 7269337PH5776N0001BE
Localización	Rúa Marqués de Rodil, 2 e Avenida de Galicia, 34.
Localidade	A Fonsagrada.

Considerando que o acto ten unha pluralidade indeterminada de interesados e de conformidade co artigo co artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, publícase o presente edicto para que, os que se consideren interesados no procedemento, presenten por escrito os documentos e xustificacións que estimen pertinentes en defensa dos seus respectivos dereitos, no prazo de quince días dende a publicación do presente anuncio no Boletín oficial da provincia de Lugo.

A Fonsagrada, 4 de febreiro de 2025.- O Alcalde Presidente, Carlos López López.

R. 0341

## GUITIRIZ

### Anuncio

Aprobados por Decreto da Alcaldía os padróns do 4º trimestre do ano 2024 correspondentes a auga, lixo, canon e sumidoiros, por medio do presente faise público que durante o prazo 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, quedan de manifesto nas oficinas do Concello de Guitiriz, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes padróns, poderán interpoñer con carácter preceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes padróns.

A cobranza en período voluntario das taxas dos padróns de auga, lixo, canon e sumidoiros correspondentes ao cuarto trimestre do 2024, terá lugar dende o días **05/02/2025 ao 04/04/2025** (ambos incluídos).

O cobramento efectuarase nalgunha das seguintes modalidades:

- Mediante o sistema de domiciliación bancaria, segundo os datos facilitados polos suxeitos pasivos e que obren nesta Administración.
- Presencialmente en calquera oficina ou caixeiro de ABANCA co código xerado no recibo.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no citado artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, as débedas relativas á auga, lixo e sumidoiros faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles os recargos do período executivo e xuros de demora que correspondan, tal como se estipula nos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e, se é o caso, os custos que se produzan.

Guitiriz, 24 de Xaneiro de 2025.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 0342

## MONDOÑEDO

### Anuncio

A Alcaldía-Presidencia do Concello de Mondoñedo ditou a Resolución núm. 2025-0024 do día 4 de febreiro de 2025, que literalmente di:

#### “RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**ANULACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO DO SAF ACTUAL E CONVOCATORIA E BASES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN E A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A SELECCIÓN, POR CONCURSO-OPOSICIÓN, DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, PARA A AREA DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE**

**MONDOÑEDO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DO SAF (SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES E PRESTACIÓN BÁSICA).**

Vista a Resolución da Alcaldía núm. 2023-0085, do 31 de marzo de 2023, a través da que se procede á anulación da bolsa de emprego do SAF actual e se aproba a convocatoria e bases que rexerán a contratación e a constitución dunha bolsa de emprego para a selección, por concurso-oposición, de persoal laboral temporal, para a Área de Servizos Sociais do Concello de Mondoñedo para a Prestación do Servizo do SAF (Servizo de Axuda no Fogar para persoas dependentes e prestación básica), cuxa duración se estendía ata o 8 de abril de 2025, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 80, do 8 de abril de 2023.

Mediante acordo da Xunta de Goberno do 17 de agosto de 2023, publicado no BOP de Lugo, núm. 197, do 28 de agosto de 2023, realizouse a apertura desta bolsa de emprego por primeira vez durante un período de 5 días hábiles, por falta de candidatas/os para a realización de contratacións.

Vista a Resolución da Alcaldía núm. 2024-0077, do 22 de abril de 2024, publicada no BOP de Lugo, núm. 96, do 25 de abril de 2024, realizouse a apertura desta bolsa de emprego por segunda vez durante un período de 5 días hábiles, por falta de candidatas/os para a realización de contratacións.

Mediante a Resolución da Alcaldía núm. 2024-0126, do 11 de xuño de 2024, publicada no BOP de Lugo, núm. 137, do 14 de xuño de 2024, realizouse a apertura desta bolsa de emprego por terceira vez durante un período de 5 días hábiles, por falta de candidatas/os para a realización de contratacións.

Visto que o prazo de vixencia da Bolsa de Emprego Actual, por tanto, remata o vindeiro 8 de abril de 2025, e dadas as dificultades notorias para realizar as últimas contratacións de auxiliares de axuda no fogar e ante a necesidade de cubrir as vacacións do persoal de SAF da presente anualidade e as posibles dificultades que se presenten para cubrir eses postos, propónse a anulación da bolsa de emprego actual así como a convocatoria dunha nova bolsa de emprego de auxiliares do SAF, e que continúe vixente a actual bolsa ata que se poidan realizar as contratacións coa nova bolsa de emprego.

Así estímase oportuna, a anulación da bolsa de emprego actual (cuxo período remata o 8 de abril de 2025) e a constitución dunha bolsa de emprego na categoría de AUXILIAR DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR coa fin de cubrir de forma temporal, as necesidades puntuais, xa sexan baixas, substitucións, vacacións ou outras necesidades circunstanciais do actual plantel do Servizo de Axuda no Fogar da Delegación de Servizos Sociais do Concello de Mondoñedo, quedando establecida a vixencia da presente bolsa por un prazo de dous anos desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Así mesmo, tamén se estima oportuno que a actual bolsa de emprego continúe vixente ata que se poidan realizar as contratacións coa nova bolsa de emprego.

Vista a providencia da alcaldía que incoa o expediente para a anulación da bolsa de emprego actual do SAF, así como o expediente do proceso de selección, por concurso-oposición, dunha bolsa de emprego de persoal laboral temporal para a Prestación do Servizo de SAF (Servizo de Axuda no Fogar para Persoas Dependentes e Prestación Básica).

Vista a memoria do Alcalde-Presidente que xustifica a necesidade inaprazable, urxencia, excepcionalidade e prioridade de anular a bolsa actual de emprego do SAF e realizar un proceso selectivo para a constitución dunha bolsa de emprego na categoría de Auxiliar de Axuda no Fogar, por concurso-oposición, de persoal laboral temporal para a Prestación do Servizo de SAF, por un prazo de dous anos desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (Servizo de Axuda no Fogar para Persoas Dependentes e Prestación Básica).

Considerando que o Concello de Mondoñedo, en sesión plenaria de carácter extraordinario levada a cabo o 13 de maio de 2016 acordou, de xeito unánime, recoñecer como servizo prioritario os Servizos Sociais.

Ante a imposibilidade de convocar unha Xunta de Goberno Local, en virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente,

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Avogar as competencias de forma puntual co obxecto de anular a bolsa de emprego do Servizo de Axuda no fogar, vixente na actualidade, dende o momento en que se poidan realizar novas contratacións coa nova bolsa.

**Segundo.-** Avogar as competencias de forma puntual co obxecto de aprobar a convocatoria e bases para a selección e constitución dunha bolsa de emprego, mediante o sistema de concurso-oposición de persoal en réxime laboral temporal na seguinte categoría: Auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar Municipal por un prazo de dous anos desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

**Terceiro.-** Aprobar as seguintes bases que rexerán nesta convocatoria, que se xuntan como anexo ao expediente.

**Cuarto.-** Dar conta desta Resolución na vindeira Xunta de Goberno Local e no vindeiro pleno que se celebre.

Mondoñedo, na data de sinatura.- O alcalde-presidente, Manuel Ángel Otero Legide. A secretaria-interventora, Ruth López-Mosquera García.

### **ANEXO**

**BASES QUE REXERÁN A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE PERSOAL EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL NA CATEGORÍA DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DO SAF (SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES E PRESTACIÓN BÁSICA).**

#### **PRIMEIRA.—OBXECTO**

Realizar a selección mediante concurso-oposición de persoal laboral temporal: constitución dunha bolsa de emprego de AUXILIAR DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR coa fin de cubrir de forma temporal, as necesidades puntuais, xa sexan baixas, substitucións, vacacións ou outras necesidades circunstanciais do actual plantel do Servizo de Axuda no Fogar da Delegación de Servizos Sociais do Concello de Mondoñedo, quedando establecida a vixencia da presente bolsa por un prazo de dous anos desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A habilitación para dar cobertura aos referidos postos é a que figura na “declaración municipal de sectores/servizos prioritarios e esenciais para o exercicio de 2016” (acordo do Pleno Municipal do 13 de maio de 2016).

Os postos referidos están adscritos ao Concello de Mondoñedo, área de servizos sociais, e as funcións serán as seguintes:

- Atencións domésticas: todas aquelas actividades e tarefas que se realizan de forma continua no fogar relacionadas coa alimentación, limpeza, mantemento da vivenda, etc.
- Atencións persoais: actividades relativas a facilitar ao apoio social efectivo, tales como compañía, hixiene persoal, acompañamento a xestións e mobilización dentro do fogar.
- Acompañamento persoal na realización doutras actividades necesarias da vida diaria, tales como apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial ou similares, así como o seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.
- Atencións de carácter psicosocial e educativo enfocadas ao desenvolvemento das capacidades persoais básicas, á mellora da convivencia, integración na comunidade e mellora da estrutura familiar.
- Realización de transporte adaptado: tarefas de condución ou acompañamento no vehículo municipal aos usuarios/as do SAF.

Os desprazamentos realizaranse no vehículo propio a cada domicilio das persoas usuarias deste Servizo, con resarcimento do quilometraxe realizado.

#### **SEGUNDA.— NORMATIVA APLICABLE**

A este proceso selectivo de CONCURSO-OPOSICIÓN, seralle de aplicación o previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, así como o disposto no artigo 61 do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante EBEP), aprobado polo Real Decreto 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do EBEP.

No non previsto nas presentes bases, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se aproban as regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
- Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que aproba o Regulamento Xeral de Ingreso de Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública.
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Resolución do 11 de decembro do 2017, da Secretaría de Estado de Servicios Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servicios Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, que modifica parcialmente o Acordo de 27 de novembro de 2008, sobre criterios comúns de acreditación para garantir a calidade dos centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.
- Orde do 19 de outubro de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos na marco da rede galega de atención temperá nos anos 2022 a 2024, susceptible de ser cofinanciada polo Programa FSE+Galicia 2021-2027, e se realiza a súa convocatoria
- Demais disposicións aplicables.

#### **TERCEIRA.— MODALIDADE E DURACIÓN DOS CONTRATOS E SALARIO.**

O modelo de contrato de traballo a utilizar será o eventual por circunstancias da produción ou o de interinidade, de ser o caso, ou aquel outro establecido pola lexislación laboral vixente, de ser o caso.

O réxime xurídico da relación será de carácter laboral temporal.

Para os integrantes da bolsa de emprego, a xornada poderá ser completa ou parcial, incluíndo a xornada laboral de sábados e domingos, cos descansos establecidos legalmente, atendendo ás necesidades do servizo que motiven a contratación.

Retribucións: serán equivalentes ao SMI vixente para cada anualidade (inclúe a parte proporcional da paga extraordinaria, que se pagará en dúas pagas extraordinarias anuais e non mensualmente), a xornada completa, ou a súa retribución proporcional no caso de xornadas parciais.

Polo tanto, no parágrafo anterior reflíctese a retribución bruta mensual, incluída a Parte Proporcional da Paga Extraordinaria, aínda que o soldo aboarase mensualmente, e a parte proporcional da paga extraordinaria, en relación ao tempo traballado, de ser o caso, no mes de xuño e decembro e/ou á finalización do contrato.

#### **CUARTA.— REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

Con carácter xeral, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, na data en que remate o prazo de presentación de instancias para poder tomar parte nas probas de selección:

- a) Ter nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do EBEP.
- b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos.
- d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das funcións do emprego.
- e) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- f) Non atoparse incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente.
- g) Os aspirantes que padezan discapacidade deberán facelo constar expresamente na instancia.
- h) Posuír o certificado do Celga 2, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, ou obter a calificación de apto na proba de galego que forma parte da fase de oposición.

**Requisitos específicos para o acceso aos empregos de Auxiliar de Axuda no Fogar:**

i) Dispor de permiso de conducir B e dispor de vehículo para desprazarse, ou ben declaración responsable de dispoñer de medio de transporte para desprazarse aos domicilios, por entender que garda relación obxectiva e proporcionada coas funcións asumidas e as tarefas a desempeñar segundo a natureza do posto de traballo (art. 56.3 EBEP).

- Por outra banda, e ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento da Consellería de Traballo e Benestar, así como ao abeiro da Resolución do 3 de novembro de 2015, da Secretaría Xeral do Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, que modifica parcialmente o Acordo do 27 de novembro de 2008, sobre acreditación de centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, é imprescindible esixir como requisito específico algunha das seguintes titulacións:

j) Titulación: Estar en posesión ou en condicións de obter o título de Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermería establecido polo Real decreto 546/1995, do 7 de abril, ou os títulos equivalentes que establece o Real decreto 777/1998, do 30 de abril, ou o título de Técnico de Atención Sociosanitaria, establecido polo Real Decreto 496/2003, do 2 de maio, ou no seu caso, calquera outro título ou certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

Estar en posesión ou en condicións de obter, o certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas no Domicilio ou equivalente e o certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, ambos regulados no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e a comunidade, ou calquera outro título ou certificado que se publique, cos mesmos efectos profesionais.

No caso de que o candidato/a no momento da presentación de instancias, non aporte o certificado de profesionalidade, deberá presentar un documento que acredite estar en posesión do título/diploma ou documento equivalente de realización do curso ou estar incurso no procedemento de recoñecemento de experiencia profesional que da acceso ao certificado de profesionalidade, podendo aportar o certificado na fase de contratación, xunto co resto de documentación necesaria para a formalización do seu contrato laboral. En caso contrario, pasaríase ao seguinte candidato/a da bolsa, sen que este feito, constitúa motivo de exclusión desta, quedando para futuras ofertas de traballo no último posto da lista.

**QUINTA.—FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

1.—As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberano facer constar mediante unha instancia, modelo Anexo I, dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello, na que manifestarán, ademais dos datos persoais co enderezo, a denominación do emprego ao que optan e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

2.— O prazo de presentación de instancias será de **10 días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

3.—As instancias deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Mondoñedo ou mediante algunha das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cómpre que o Concello teña constancia da presentación desta documentación no prazo en que remata o día de presentación de instancias.

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade, compulsada por ámbalas caras.
- Fotocopia compulsada da titulación esixida ou certificado expedido polo organismo competente: título de formación profesional de técnico en coidados auxiliares de enfermería ou equivalente; ou título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente; ou estar en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, ou estar en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais ou equivalente, ambos regulados no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e a comunidade.
- Fotocopia do certificado Celga 2 ou equivalente.
- Fotocopia do Permiso de Condución, compulsada por ámbalas caras.
- Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración no concurso (esta documentación non será excluínte para a confección da lista provisional de admitidos e excluídos). A non acreditación dos méritos alegados determinará que estes non serán tidos en conta polo

Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse.

#### **SEXTA.- ADMISIÓN DE SOLICITUDES**

1.- Rematado o prazo para presentar as instancias o Alcalde ditará resolución comprensiva que conterà:

- a lista provisional de admitidas/os e excluídas/os coa especificación do motivo de exclusión.
- a designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución.
- a data, hora e lugar en que se realizará a valoración de méritos, así como os exercicios da fase de oposición.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro da sede electrónica municipal (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>).

2.- Durante os dous días hábiles seguintes á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, unicamente os/as excluídos/as poderán solicitar a subsanación de erros e presentar reclamacións á lista provisional. Quen non presentara a solicitude de subsanación ou reclamación no prazo indicado, decaerá do seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

3.- Transcorrido o prazo de subsanación, as reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas mediante Resolución de Alcaldía, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro da sede electrónica municipal (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>), aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4.- Porén, se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión, esta considerárase defecto insubsanable e a alcaldía resolverá a dita exclusión.

#### **SÉTIMA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR**

Os membros do Tribunal Cualificador e suplentes serán designados polo Sr. Alcalde – Presidente mediante resolución.

O tribunal estará integrado polos seguintes membros, e atenderase á paridade entre home e muller:

Presidente: Un empregado público. Con voz e voto.

Secretario: O da Corporación ou empregado público en quen delegue. Con voz e sen voto.

Vogais: tres empregados públicos. Con voz e voto.

O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros titulares ou suplentes e sempre coa presenza do Presidente e o Secretario.

Os membros do Tribunal, posuirán titulación ou especialización de grao igual ou superior ao esixido para acceder ao emprego.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 30/1992 do 26 de novembro.

Os acordos serán adoptados pola maioría simple dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

Cada tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, limitándose os asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 634/1995, de 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar ós membros do tribunal cando, ó seu xuízo, concorran neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ó artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### **OITAVA.—SISTEMA DE SELECCION E CUALIFICACION**

O sistema de selección será de **CONCURSO-OPOSICIÓN**

**SÓ SE ADMITIRAN CANDIDATOS/AS AO PROCESO DE SELECCIÓN AS PERSOAS QUE ACREDITEN POSUÍRA A TITULACIÓN ESIXIDA E ESTAR EN POSESIÓN DO PERMISO DE CONDUCIR B E DISPÓR DE VEHÍCULO PARA DESPRAZARSE.**

**FASE DE CONCURSO**

**Valoración de Méritos**

A tal efecto o Tribunal constituirase para examinar e valorar a documentación presentada polos aspirantes e cualificar os méritos alegados, de acordo co baremo contido nestas bases, na Casa do Concello.

**A puntuación máxima para a fase de valoración de méritos é de 8 puntos.**

A cualificación dos méritos realizarase de acordo co baremo seguinte:

**A) EXPERIENCIA PROFESIONAL.**

1º.- Por servizos efectivamente prestados en empregos de similares características e funcións ao emprego que se opta e dependentes dunha Administración Pública: 0,06 puntos por cada mes completo de servizo. No caso de servizos prestados na empresa privada: 0,03 puntos por cada mes completo de servizo.

Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

A xustificación deste apartado farase:

- no caso de traballador por conta allea: coa presentación de copia cotexada de contratos de traballo e do Informe de Vida Laboral, proporcionado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, así como por calquera outro medio que permita ter constancia fidedigna da dita experiencia profesional na categoría profesional esixida nas presentes bases. Estes documentos poderán ser substituídos por un Certificado de Servizos, no caso de Administración, ou Certificado de Empresa, no caso de empresa privada, sempre que queden acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado, e número de horas.

- no caso de traballadores autónomos: mediante o Informe de Vida Laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización. De ser o caso, contrato de arrendamento de servizos ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade.

- no caso de traballadoras con experiencia no Réxime de Fogar, será suficiente con acreditarlo mediante o Informe de Vida Laboral, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

- no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

**A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional será de 4 puntos.**

**B) ACCIÓNS FORMATIVAS**

**A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de accións formativas será de 4 puntos.**

Por cada curso, directamente relacionado coas funcións propias do emprego a que se opta realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, organizacións sindicais, colexios oficiais de profesionais, así como os cursos homologados que teñan informe favorable da Comisión da Formación Continua da Comunidade Autónoma de Galicia:

- Cursos de duración inferior a 10 horas non se baremarán.
- Cursos de 10 horas ata 25 horas: 0,02 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,05 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,10 puntos por cada un.
- Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,15 punto por cada un.
- Cursos de mais de 150 e ata 300 horas: 0,20 puntos por cada un.
- Por cada curso de mais de 300 horas: 0,25 puntos.

Neste apartado presentarase o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado (ou fotocopia compulsada) expedido pola organización da actividade. No mesmo deberá constar o número de horas. Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do emprego, non serán puntuados.

**FASE DE OPOSICIÓN**

Consistirá na realización dun único exercicio obrigatorio e eliminatorio.

**A puntuación máxima para a fase de oposición é de 12 puntos.**

O exercicio consistirá en contestar por escrito a un exame tipo test de 40 preguntas, nun tempo máximo de 60 minutos, con varias opcións de resposta onde soamente unha é válida, e cada resposta correcta outorga 0,30 puntos. As respostas en branco ou mal contestadas non restan sobre a puntuación total. **Puntuará como máximo 12 puntos.**

As preguntas versarán sobre os temas que se expoñen no Anexo II das presentes Bases.

A puntuación necesaria para superar a proba será de 6 puntos.

#### **PROBA DE GALEGO:**

Será obrigatorio a superación dun segundo exercicio, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do certificado de Celga 2, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado de Celga 2, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

#### **NOVENA.—PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E ELABORACIÓN DA BOLSA DE SUBSTITUCIÓN**

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso (valoración de méritos) e na fase de oposición (exercicio), establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados, publicando no taboleiro de anuncios a dita puntuación do proceso selectivo.

En caso de empate o desempate realizarase en base á maior puntuación obtida no exercicio de oposición. De persistir o empate, este dirimirase tendo en conta o seguinte: en primeiro lugar, a favor da persoa que posúa maior experiencia profesional relacionada co emprego a desenvolver, primeiro valorando a adquirida na administración pública e logo a da empresa privada. De persistir a igualdade, o desempate realizarase con base nas Accións Formativas. De ser o caso, que continúe a persistencia do empate, este resolverase se fose necesario, en base á orde alfabética dos apelidos, polo que se sorteará o día da proba da fase de oposición, a primeira letra a partir da que se realizará o citado desempate.

O Tribunal publicará a relación de aprobados/as pola orde de puntuación, de maior a menor, no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro da sede electrónica municipal (<https://mondonado.sedelectronica.gal>), e elevará a dita relación ao Alcalde-Presidente que aprobará a relación de candidatos/as pola súa orde de prelación aos efectos de formación da bolsa de emprego.

#### **DÉCIMA.- DEFINICIÓN, FINALIDADE E REGRAS DE FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO**

1. Enténdese por Bolsa de Emprego un sistema de selección para a cobertura das necesidades temporais de persoal en relación aos Servizos Sociais Municipais.
2. A selección de persoal e a Bolsa de Emprego teñen como fin dotar ao Concello do persoal máis capacitado e preparado seguindo criterios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade nos casos considerados na lei. Así mesmo, ten como fin axilizar os procedementos de dotación de persoal a prol dunha maior eficacia dos Servizos Públicos.
3. A Bolsa estará formada por unha lista, ordenada en función da puntuación obtida no proceso selectivo.
4. De cada aspirante consignaranse o seu nome e apelidos, Documento Nacional de Identidade e puntuación obtida.
5. En ningún caso a mera pertenza á bolsa implicará dereito algún a obter contrato laboral, garantíndose unicamente que, cando o Concello considere conveniente a súa utilización polos motivos que foran, respectarase o procedemento de chamamento regulado nestas bases, podendo o Concello cando o considere conveniente, de forma xustificada, para cubrir certos postos vacantes ou contratos temporais convocar ex profeso un proceso selectivo.
6. A bolsa de emprego poderase abrir, por un prazo de 5 días hábiles, no momento no que o servizo municipal correspondente o considere oportuno, por non quedar efectivos na mesma en número suficiente para atender as necesidades que se presenten, ou non se atopen dispoñibles para o emprego, admitíndose novas solicitudes e novos méritos aportados polos aspirantes xa incluídos na bolsa.
7. As retribucións a percibir serán as mesmas que as establecidas para os empregos obxecto da presente convocatoria.



8. Cos candidatos formarase unha lista pola orde de puntuación total obtida neste proceso selectivo, que será empregada para o chamamento de candidato/as e para a realización doutras contratacións laborais temporais previstas no artigo 15.1 do Estatuto dos Traballadores, aprobado por RDL 1/1995, de 24 de marzo, sempre que correspondan á categoría profesional para as que se crea a bolsa de emprego.

O funcionamento desta bolsa de emprego rexeráse polas seguintes regras:

1ª.- A comunicación da selección do candidato realizarase mediante un sistema de dobre chamada telefónica, na cal si o/a aspirante non responde, realizarase un segundo intento deixando transcorrer un tempo de quince minutos. Si efectuado o segundo intento non responde á chamada, o/a aspirante perde o dereito a ese contrato e pasará a ocupar o último lugar da bolsa de emprego.

2ª.- O chamamento efectuarase respectando a orde na que os integrantes figuren na bolsa, salvo que, por imposibilidade derivada da normativa laboral, non poda formalizarse con ese aspirante o contrato laboral temporal requirido.

3ª.- A renuncia a un posto ofertado suporá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que concorran algunha das seguintes circunstancias:

- **Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.**
- **Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.**
- **Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.**

O aspirante que se atope nalgunha destas circunstancias causará baixa na bolsa de emprego ata que a causa desapareza, volvendo deste xeito a causar alta na bolsa de emprego no mesmo posto que se atopaba en base á súa puntuación obtida, dende o momento que comunique que a causa desapareceu.

4ª.- Cando se produza unha renuncia a un posto ofertado, o aspirante deberá personarse neste Concello dentro do prazo de 2 días hábiles desde o día seguinte á notificación, para firmar a renuncia ou ben presentar unha acreditación correspondente de atoparse nalgún dos supostos mencionados na regra 3ª, e de non ser así, será expulsado/a da bolsa.

5ª.- As persoas da bolsa que xa estean traballando como Auxiliares de SAF no Concello de Mondoñedo, non serán chamadas para as novas substitucións. Cando rematen o seu contrato, incorporaranse á bolsa no mesmo posto que tiñan inicialmente, para vindeiros chamamentos.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.—APORTACIÓN DE DOCUMENTOS**

As/os aspirantes propostas presentarán na Secretaría do Concello, nos tres días hábiles seguintes ao da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

- a) Declaración xurada de disposición de vehículo para realizar os desprazamentos propios desta ocupación aos respectivos domicilios.
- b) Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- c) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Se no prazo sinalado, salvo os casos de forza maior, os aspirantes non presentasen a documentación esixida, non se poderá formalizar o contrato, quedando anuladas todas as actuacións sen prexuízo das responsabilidades en que se puidera incurrir por falsidade. Neste caso formularase proposta de nomeamento a favor do seguinte da listaxe, e sendo expulsado/a da bolsa.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

Presentada a documentación sinalada no apartado anterior o Presidente da Corporación, ditará resolución e formalizará o contrato laboral a favor das persoas propostas polo Tribunal no prazo máximo de dez días hábiles a contar dende a data en que remate o prazo de presentación dos documentos citados na base anterior.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.— RECURSOS**

Contra a presente convocatoria, as súas bases e os actos de aplicación desta, poderá interpoñerse opativamente un dos seguintes recursos:

- **Recurso de reposición ante o mesmo órgano autor do acto, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación do acto ou acordo.**
- **Recurso Contencioso-Administrativo ante os órganos da orde xurisdiccional contencioso-administrativo que correspondan, consonte ao disposto nos artigos 8, 10 e 13 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de DOUS MESES contados**

**dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación, en harmonía co establecido no artigo 46 da devandita Lei.**

**DÉCIMO CUARTA.—NORMA FINAL.**

O Tribunal queda facultado para interpretar as Bases da Convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

**ANEXO I (modelo de instancia)**

D./D.<sup>a</sup>.....,  
 con DNI....., nado/-a .....(data nacemento)  
 veciño/-a de....., con enderezo en .....  
 ....., núm....., código postal....., concello .....  
 e teléfono/s de contacto.....  
 e correo electrónico.....

**EXPON:**

Que desexa ser admitido/-a ás probas selectivas de acceso para a constitución dunha bolsa de emprego para a prestación do servizo do SAF(Servizo de Axuda no Fogar para Persoas Dependentes e Prestación Básica)de conformidade coa convocatoria aprobada por Resolución de Alcaldía do día 4 de febreiro de 2025.

Que dispón de vehículo ou medio de transporte para desprazarse aos domicilios.

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nestas, referidos á finalización do prazo sinalado para a presentación de instancias.

Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño deste emprego.

Así mesmo, declaro que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitada por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados:(relación de documentación esixida e de méritos alegados):

**Por tanto SOLICITA:**

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o emprego anteriormente indicado.

Mondoñedo,..... de ..... de 2025

(sinatura)

**SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO)**

**Praza do Concello, 1**

**27740 Mondoñedo**

**ANEXO II****Temario.**

Tema 1.- Breve idea da Constitución Española de 1978. Estrutura. Principios Xerais. Dereitos e Deberes Fundamentais.

Tema 2.- Organización Municipal: Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local.

Tema 3.- Ordenanza municipal reguladora do prezo público pola prestación do Servizo de axuda no fogar do Concello de Mondoñedo, publicada no BOP Lugo num. 201, do 31 de agosto de 2012.

Tema 4.- Hixiene e atención sanitaria domiciliaria.

Tema 5.- Atención e apoio psicosocial domiciliario.

Tema 6.- Apoio domiciliar e alimentación familiar.“

Mondoñedo, 4 de febreiro de 2025.- O Alcalde-Presidente, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 0335

**MONFORTE DE LEMOS***Anuncio***CONVOCATORIA PARA A AMPLIACIÓN DA LISTA DE AGARDA PARA AS VACANTES OU AUSENCIAS QUE, NA ESPECIALIDADE DE PIANO DO CONSERVATORIO MUNICIPAL MESTRE IBAÑEZ CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS**

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 3 de febreiro do 2025 aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de ([www.monfortedemos.es](http://www.monfortedemos.es)).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de CINCO (5) días naturais a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ó correo electrónico [rrhh@concellodemonforte.com](mailto:rrhh@concellodemonforte.com).

As bases poden ser consultadas na web municipal ([www.monfortedemos.es](http://www.monfortedemos.es)) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 3 de febreiro de 2025.- A 1ª Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0343

**OUROL***Anuncio***EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Por Decreto de Alcaldía número 2025-0011, de 16 de xaneiro de 2025, prestouse aprobación inicial ao **Padrón fiscal do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR correspondente ao mes de DECEMBRO de 2024 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de catro mil setenta e dous euros con nove céntimos (4.072,09 €), correspondendo dous mil cento trinta e seis euros con setenta e nove céntimos (2.136,79 €) a dependencia e mil novecentos trinta e cinco euros con trinta céntimos (1.935,30 €) a libre concorrència.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 21 de xaneiro de 2025.- O Alcalde-Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 336

---

### **PALAS DE REI**

#### *Anuncio*

#### **EDICTO DE NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA**

Unha vez aprobados definitivamente por resolución desta Alcaldía nº 2025-0056, ditada o 4 de febreiro de 2025, os padróns e listas cobratorias dos tributos locais Taxa pola prestación do servizo de saneamento e abastecemento de auga, recollida de lixo e canon da auga, referidos ao exercicio de 4º Trimestre do 2024, expóñense ao público no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos, por un prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio, co fin de que aqueles que se consideren interesados poidan formular todas as observacións, alegacións ou reclamacións que teñan por convenientes.

Contra o acto de aprobación dos devanditos padróns e/ou liquidacións contidas neles poderase interpor un recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública, de acordo co establecido no artigo 14 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49,7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Conforme o establecido no artigo 62.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ponse en coñecemento dos contribuíntes que se procederá ao cobramento en período voluntario do imposto do día 1 ao 28 de febreiro. O pagamento farase efectivo nas entidades financeiras colaboradoras. Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes.

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfaga a débeda, iniciarase o período executivo, de acordo co teor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de mora, así como a das recargas que correspondan e, se é o caso, das custas do procedemento de constrinximento. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Palas de Rei, 4 de febreiro de 2025.- O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 0344

---

### **PEDRAFITA DO CEBREIRO**

#### *Anuncio*

**CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO (PEÓN) AO ABEIRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS – PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2024**

POSTO DE TRABALLO: 1 PEÓN

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro, será necesario adiantala por fax(982 367150), antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso - Oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Pedrafita do Cebreiro

Pedrafita do Cebreiro, 5 de febreiro de 2025.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 0345

---

## RÁBADE

### Anuncio

En cumprimento do disposto na Lei Orgánica do Poder Xudicial e a Lei de Planta e Demarcación Xudicial faise pública a convocatoria para provisión do cargo de Xuíz de Paz Substituto no municipio de Rábade.

Condições legais dos solicitantes.- Ser español, maior de idade e non estar incurso nas causas de incapacidade sinaladas na Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Presentación das solicitudes.- Os interesados presentarán instancias na sede electrónica e no rexistro do Concello, no prazo de quince días hábiles, contados a partir da publicación deste anuncio no B.O.P.

Achegarán ás solicitudes.- Certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do D.N.I., certificación do Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria de conducta á que fai referencia o art. 2 da Lei 68/80 e xustificante dos méritos alegados polo solicitante.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Rábade, 4 de febreiro de 2025.- A Alcaldesa-presidenta, Remedios González Cabarcos.

R. 0346

---

## SARRIA

### Anuncio

O día 23/01/2025, mediante resolución 2025-0014, o Sr. Presidente do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme acordou o seguinte:

#### RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

O 22 de xaneiro de 2025 a Comisión de Valoración elevou proposta definitiva a esta Presidencia correspondente ao Selectivo convocado pola Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme, Organismo Autónomo do Concello de Sarria para a provisión do posto de auxiliar de clínica.

A referida proposta foi publicada na sede electrónica <https://residenciamaiorsnosasadocarme.sedelectronica.gal>

Considerando o punto 7 das bases e a comentada proposta, así como o artigo 21 da Lei 7/1985, de 1 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, así como as competencias que me outorga o artigo 7 dos Estatutos do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carmen, **RESOLVO:**

**Primeiro.** Dar por finalizado o expediente de selección para a provisión do posto de auxiliar de clínica polo sistema de concurso de méritos.

**Segundo.** Remitir á Intervención, para a súa fiscalización, a proposta de adxudicación do posto de auxiliar de clínica á seguinte empregada, a cal deberá tomar posesión con efectos do 01/02/2025:

Amelia Fernández López (\*\*029\*)

**Terceiro.** Publicar a presente resolución na sede electrónica <https://residenciamaiorsnosasadocarme.sedelectronica.gal> e notificar á aspirante proposta.

O presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, poderá

interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Non obstante poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación, contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolvera expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estímese conveniente.

Sarria, 23 de xaneiro de 2025.- O Presidente, Claudio M. Garrido Martínez.

## ANEXO I (INSTANCIA)

<b>PROCEDEMENTO SELECTIVO: CONCURSO POSTO AUXILIAR CLÍNICA</b>			
<b>DATOS DO/A SOLICITANTE:</b>			
NOME:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	N.I.F.:
NACIONALIDADE:		DATA DE NACEMENTO:	
<b>NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito):			
NOME:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	N.I.F.:
<b>ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:</b>			
Notifíquese a:	<input type="radio"/> Persoa solicitante	<input type="radio"/> Persoa representante	
<input type="checkbox"/> Medios Electrónicos:	Correo Electrónico:		
<input type="checkbox"/> Outros Medios:	Nome da Vía:		
	Número, Bloque, Andar, Porta:		
	Parroquia / Lugar:		
	Localidade / Provincia:		
	Código Postal / País:		
Teléfono/s de contacto:			
<b>TITULACIÓN QUE ALEGA E XUSTIFICA:</b>			
TITULACIÓN:		DATA DA TITULACIÓN:	
ALEGA E XUSTIFICA ESTAR EXENTO/A DA REALIZACIÓN DO EXERCICIO SOBRE O COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA:			
<input type="radio"/> Si		<input type="radio"/> Non	
<b>A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:</b>			
1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.			
2. Que reúne as condicións exixidas para o ingreso á función pública e <u>as especialmente sinaladas na convocatoria</u> , comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude se fóra necesario.			
<b>PROTECCIÓN DE DATOS:</b> Esta entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas. Responsable: Concello de Sarria			
<b>SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE:</b>			
<b>LUGAR E DATA:</b>			

SR. PRESIDENTE DO O.A. RESIDENCIA DE MAIORES NOSA SEÑORA DO CARME



Sarria, 23 de xaneiro de 2025.- O Presidente, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 0354

---